

PROGRAMACIÓN ANUAL
EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2021/2022

"CEIP PLURILINGÜE CARDEAL QUIROGA PALACIOS"

SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.- COMPOSICIÓN DE MESTRAS/ES DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

1.2.- PLANIFICACIÓN DO PERIODO DE ADAPTACIÓN

2.- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS BÁSICAS DE CADA NIVEL

3.- MÍNIMOS EXIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS (FINAL DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL))

4.- PROCEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

6.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

7.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR DITA RECUPERACIÓN

8.- METODOLOXIA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

10.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

11.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

12.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

15.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

16.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

17.- PROCEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

18.-ORGANIZACIÓN DA AULA TENDO EN CONTA O PROTOCOLO DA COVID-19

19.- MEDIDAS A ADOPTAR NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL E OS SUPOSTOS DE REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación foi elaborada para o 2º ciclo de Educación Infantil do CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios de Santiago de Compostela, para o presente **curso 2021/2022**

Contamos, a día de hoxe, no centro cun total de 166 alumnos e alumnas de Educación Infantil repartido en sete aulas do seguinte xeito

- 4º E.I. grupo A: con 25 alumnos/as
- 4º E.I. grupo B: con 24 alumnos/as
- 5º E.I. grupo A: con 23 alumnos/as
- 5º E.I. grupo B: con 24 alumnos/as
- 5º E.I grupo C: con 22 alumnos/as
- 6º E.I. grupo A: con 24 alumnos/as
- 6º E.I. grupo B: con 24 alumnos/as

Para realizar esta programación tiveronse en conta os principios xerais, fins e obxectivos referidos ao conxunto da etapa de Educación Infantil que se establecen para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia no *Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, así como o **Proxecto Educativo de Centro**.

Marco lexislativo.

Esta programación está fundamentada nos seguintes aspectos pedagóxicos e lexislativos:

·LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada parcialmente pola Lei orgánica 3/2020

·REAL DECRETO 1630/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil.

·REAL DECRETO 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

·DECRETO 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de educación infantil na comunidade autónoma galega.

·DECRETO 374/96 de 17 de outubro que aproba o regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil, Colexios de Primaria e Colexios de Educación Infantil e Primaria (ROC)

·Orde do 22 de xullo do 1997 que desenvolve o Decreto 374/96.

·Orde do 25 de xullo de 2009 polo que se regula a implantación e avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma galega.

· No PEC do centro

· Na PXA .

· Realidade do centro.

O castelán é a lingua materna predominante entre o noso alumnado de Educación Infantil – dato recollido no “Proxecto Lingüístico de Centro”. A **lingua vehicular** do profesorado será o galego. Constátase unha situación sociolingüística de desequilibrio entre a lingua dominante (o castelán) e a máis desfavorecida (o galego). Na comunicación individual partírase da lingua que usa o alumno/a, tal como establece o Plan lingüístico do centro. En 4º de E.I. a lingua de uso vehicular será tamén o galego, decisión acordada polo claustro de profesores, se ben terase en conta a lingua materna do alumnado para a atención individualizada, xa que contamos con alumnado estranxeiro.

Contamos cunha mestra especialista que imparte unha sesión semanal de **Relixión** segundo o recollido no *Decreto 235/1995 do 20 de xullo, para as ensinanzas de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia*, así como tamén para aqueles nenos e nenas cuxas familias

non optaron pola ensinanza de Relixión coas **Ensinanzas Alternativas** organizadas polo centro segundo o disposto na Orde do 4 de outubro de 1995 pola que se regulan as actividades de estudio alternativas ó ensino da relixión con Ensinanzas.

Seguimos formando parte do **programa Plurinfantil**, *Resolución do 1 de xuño de 2017*, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula o programa plurilíngüe no segundo ciclo de Educación Infantil. Isto supón engadir dúas sesións máis na lingua inglesa. Para impartir a materia contamos cunha mestra especialista en inglés e en educación infantil, ademais dun auxiliar de conversa que este ano ven dos Estados Unidos que acompañará á mestra nalgunhas sesións.

1.1. COMPOSICIÓN DE MESTRAS DO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

O equipo de Educación Infantil está constituído por:

- ✓ Titora da aula de 4º E.I. (A): María Méndez Leis
- ✓ Titora da aula de 4º E.I. (B) : María Isabel Rodríguez Rozas
- ✓ Titora da aula de 5º E.I. (A): Raquel Lafuente López
- ✓ Titora da aula de 5º E.I. (B):María Miranda Parrilla
- ✓ Titora da aula de 5º E.I. (C) Beatriz Teixeira Presas; substituída por Belinda Brea Cerqueiro
- ✓ Titora da aula de 6º E.I. (A): María del Carmen López Freire
- ✓ Titora da aula de 6º E.I.(B): Mar Castro Muíño
- ✓ Profesoras de apoio: María Carmen Abeijón Arnejo e Silvia María Lucas Barcala
- ✓ Especialista de inglés: Natalia Souto Muñoz
- ✓ Especialista de inglés encargada do Plurinfantil : Silvia María Lucas Barcala
- ✓ Profesora de relixión: Mercedes Sande Vázquez; substituída por Beatriz Vieites Casas

- ✓ Profesoras de educación física: Soledad Fidalgo Suárez (4º e 5º de E.I.) e Lucía Peixoto Pino (6º de E.I.).

REUNIÓNS ESTABLECIDAS:

O terceiro martes de cada mes, de 17:15h. a 18:15h. Asistirán ás reunións as persoas que constitúen o equipo de ciclo de infantil ou sempre que sexa necesario.

OBXECTIVOS XERAIS

1. Desenvolver o currículo de Educación Infantil LOE 330/2009 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo como referente que apoie a nosa práctica educativa as 8 competencias básicas que nel se establecen.

2. Levar a cabo o Plan de Adaptación facilitando a integración do alumnado que comeza a educación infantil así como os alumnos-as que se incorporen a outros niveis do ciclo. Ter en conta tamén a adaptación nos casos do alumnado que a precisen debido a suspensión da actividade escolar no mes de marzo.

3. Establecer vínculos afectivos co alumnado que lle dean confianza para explorar as posibilidades que lle ofrece o entorno escolar. Esta circunstancia é especialmente relevante no caso do alumnado de 4º de Educación Infantil que se escolariza por primeira vez no centro. Propiciaranse contornas escolares saudables e seguras a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a esta etapa educativa e atenderase ao benestar emocional deste alumnado.

4. Reforzar a comunicación do profesorado cos pais/nais/titores legais do alumnado para informalos do Plan de Adaptación a situación da COVID-19 no curso 2021-22, así como do Plan de Continxencia para responder a potenciais novos períodos de alteración ou suspensión da actividade lectiva, provocados pola situación sanitaria, co fin de garantir o adecuado desenvolvemento da actividade educativa.

5. Procurar a coordinación:

- a) De todo o profesorado do ciclo para o mellor desenvolvemento do proxecto curricular

b) Cos distintos equipos que constituen os órganos de coordinación docente, tics, biblioteca e outros proxectos

6. Contribuir á creación dun ambiente de respecto mutuo que mellore a convivencia escolar e facilite o traballo docente, tanto internamente como externamente (**familia, centros do entorno, institucións**).

7. Procurar unha metodoloxía baseada no principio de aprendizaxe significativa, así como ter en conta unha serie de principios pedagóxicos baseados nun enfoque constructivista:

- ✓ Principio de descubrimento
- ✓ Principio de flexibilidade
- ✓ Principio de globalización
- ✓ Principio de individualización
- ✓ Principio de socialización
- ✓ Principio de motivación

TAREFAS

1.- Asistir ás reunión de ciclo establecidas, así como aquelas que se estimen convintes

2.- Elaborar a programación didáctica anual de forma conxunta, unificando os criterios metodolóxicos

3.-Procurar chegar a acordos consensuados para a realización das actividades propostas no equipo de ciclo e noutros equipos

4.-Lograr unha axeitada organización dos espazos, recursos e distribución do tempo

5.-Metodoloxía por proxectos, na medida do posible, globalizada, partindo dos intereses dos/das nenos/nenas

6.-Realizarase unha avaliación global, continua e formativa para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno/nena. Asimesmo, avaliaremos tamén a nosa propia práctica educativa. As familias recibirán periódicamente información sobre os progresos dos nenos/nenas

7.- Prestaremos unha especial atención aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, facilitando unha escola aberta á diversidade, capaz de responder ás diferenzas que manifestan. En definitiva, unha escola inclusiva, integradora e non discriminatória.

8.-Actividades complementarias: ao longo do curso faranse as acordadas xunto cos outros ciclos.

1.2.- PLANIFICACIÓN DO PERIODO DE ADAPTACIÓN.

Segundo a *Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do Segundo Ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición dende a familia ou dende a escola infantil do primeiro ciclo á nova situación de ensinanza-aprendizaxe. O período de adaptación deste curso abranguerá dende o día 9 ata o 21 de setembro tal e como recolle a *Orde do 19 de maio de 2021* pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao incorporarse á Educación Infantil, os nenos/as adoitan presentar unha serie de manifestacións que desde a escola debemos coñecer para pór en marcha as medidas oportunas para palialas. Partindo da base de que non todos os alumnos/as son iguais, está claro que a adaptación dos mesmos á escola tamén vai ser distinta. O principal obxectivo neste período é conseguir para todo o alumnado un ensino individualizado que lles permita adaptarse ao seu ritmo, proporcionándolle a cada un as axudas que necesiten en función das súas características persoais.

A realización deste plan adquire a súa máxima importancia neste primeiro curso do segundo ciclo da etapa, xa que supón a incorporación destes nenos/as a un novo lugar, rutinas, costumes e diferentes mestres, de ahí a necesidade de ter planificado o período de adaptación.

No momento da adaptación vaise necesitar a participación das familias, a flexibilización do calendario e do horario dos nenos e nenas, tamén as actividades estarán encamiñadas á súa mellor adaptación, e tamén se fará unha flexibilización do tipo de agrupamento.

2.- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS BÁSICAS DE CADA NIVEL

3 ANOS:

PRIMEIRO TRIMESTRE

Objetivos		Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Coñecemento dun mesmo e autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Usar o sentido do tacto para identificar obxectos polo seu tamaño. • Mellorar a percepción visual na discriminación de liñas entrecruzadas. • Ser consciente das aprendizaxes que se realizan. • Abordar tarefas de forma autónoma. • Orientarse nunha cuadrícula. • Resolver labirintos. • Usar os materiais de forma axeitada. • Asumir a responsabilidade do coidado do material. • Presentar os traballos con coidado e limpeza. • Recoller o material despois de usalo. • Utilizar a manipulación para explorar os obxectos. • Desenvolver a habilidade de manipular. • Utilizar a observación como mecanismo para chegar á comprensión. • Valorar o traballo ben feito. 	<p>O corpo e a propia imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización dos sentidos: tacto <ul style="list-style-type: none"> • Percepción visual • Aceptación das propias posibilidades e limitacións • Referencias espaciais nunha cuadrícula <p>Xogo e movemento</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interese por aprender habilidades novas <p>A actividade cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hábitos elementais de organización e constancia. • Observación, atención e manipulación para a resolución de tarefas. <ul style="list-style-type: none"> • Valoración e gusto polo traballo ben feito • Iniciativa na resolución creativa de actividades • Hábito de esforzo por presentar os traballos limpos e coidados <p>O coidado persoal e a saúde</p> <p>Colaboración no mantemento de ambientes ordenados</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece o tamaño dos obxectos utilizando o sentido do tacto. • Usa o material de maneira responsable. • Aborda tarefas de forma autónoma. • Desenvolve a habilidade de manipular. • Goza co traballo ben feito. • Esfórzase por presentar os traballos limpos e coidados • Recolle o material despois de usalo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico • Competencia cultural e artística • Competencia para aprender a aprender • Autonomía e iniciativa persoal
Objetivos		Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.

<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Coñecemento do contorno</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer obxectos do contorno pola súa forma. • Discriminar siluetas de obxectos coñecidos. • Clasificar obxectos en función do seu tamaño: grande/pequeno. • Realizar transformacións de tamaños. • Identificar e aplicar os cuantificadores de cantidade: «un», «poucos» e «moitos». • Identificar o atributo de cor nos obxectos así como a ausencia do mesmo. • Realizar series de dúas cores. • Identificar unha estrutura xeradora dunha serie. • Discriminar as posicións espaciais: arriba/abaixo. • Valorar as ideas dos demais. 	<p>Medio físico: elementos, relacións e medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interese por explorar os obxectos do contorno. • Atributo de tamaño: grande/pequeno • Cuantificadores: un/moitos/poucos • Atributo de cor e atributo negativo • Series de dúas cores • Posicións espaciais: arriba/abaixo <p>Cultura e vida en sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Valoración das relacións que se establecen cos demais 	<ul style="list-style-type: none"> • Clasifica obxectos en función do seu tamaño: grande/pequeno. • Identifica os cuantificadores de cantidade «un», «poucos» e «moitos». • Discrimina a cor vermella. • Discrimina as posicións espaciais: arriba/abaixo. • Identifica unha estrutura xeradora dunha serie. • Valora as ideas dos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia matemática • Competencia social e cidadá
---	---	---	--	---

Obxectivos		Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Linguaxes: comunicación e representación	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar correctamente os conceptos «grande» e «pequeno» para describir obxectos. • Comprender mensaxes orais que implican unha negación. • Utilizar con precisión cada vez maior o vocabulario matemático que implica orientación no espazo, cuantificadores. • Verbalizar o criterio establecido nunha serie na que cambia o atributo de cor. • Interpretar códigos non verbais e traducilos a linguaxe verbal. • Utilizar o ordenador para buscar información. • Describir unha obra de arte utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Identificar formas xeométricas coñecidas observando unha obra artística. • Valorar diferentes manifestacións artísticas. 	<p>Linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso de léxico matemático • Comprensión de mensaxes que implican negación • Utilización da linguaxe oral para explorar coñecementos. • Interpretación de códigos <p>Linguaxe artística: plástica-musical-corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra de arte de carácter universal • Descubrimento de algúns elementos que configuran a linguaxe plástica: formas • Valoración de diferentes tipos de obras plásticas <p>Linguaxe audiovisual</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como o ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende o significado de atributos en negativo. • Escoita con atención para resolver unha actividade. • Verbaliza o criterio establecido nunha serie na que cambia o atributo de cor. • Interpreta códigos non verbais. • Expresa de forma oral coñecementos adquiridos. • Describe a obra <i>Gouche</i> de Calder utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Realiza unha obra artística propia con círculos. • Usa o ordenador para buscar información. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia en comunicación lingüística • Tratamento da información e competencia dixital • Competencia cultural e artística • Competencia para aprender a aprender

SEGUNDO TRIMESTRE

Obxectivos		Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Coñecemento dun mesmo e autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a percepción visual na discriminación de liñas entrecruzadas. • Orientarse nunha cuadrícula. • Asumir a responsabilidade do coidado do material que usa. • Usar os materiais de forma adecuada. • Prestar atención ás actividades que se realizan. • Desenvolver as habilidades de observar e manipular. • Ser consciente das aprendizaxes que se realizan. • Utilizar a observación como paso necesario para a comprensión. • Valorar o traballo ben feito. • Organizar a información para resolver situacións da vida cotiá. • Ter interese por manter o espazo ordenado. 	<p>O corpo e a propia imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • Percepción visual • Referencias espaciais nunha cuadrícula <p>Xogo e movemento</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interese por aprender habilidades novas <p>A actividade cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación, atención e manipulación para a resolución de tarefas • Valoración do traballo ben feito • Organización da información para a resolución de tarefas <p>O coidado persoal e a saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colaboración no mantemento de ambientes ordenados 	<ul style="list-style-type: none"> • Mellora a percepción visual na discriminación de liñas entrecruzadas. • Orientase en una cuadrícula. • É consciente das aprendizaxes que se realizan. • Desenvolve a habilidade de observar e manipular. • Valora o traballo ben feito. • Usa os materiais de forma axeitada. • Recolle o material despois de usalo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia matemática • Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico • Competencia para aprender a aprender • Autonomía e iniciativa persoal

	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Coñecemento do contorno	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar os atributos de cor, tamaño e forma nos obxectos. • Identificar os atributos negativos de cor nos obxectos. <ul style="list-style-type: none"> • Realizar transformacións de cor. • Identificar e aplicar os conceptos de cantidade: todo/nada. • Recoñecer as situacións de orde: primeiro/último. • Recoñecer a grafía do número «dous». • Asociar os números «un» e «dous» ás coleccións de obxectos que representan. • Ordenar obxectos atendendo ao criterio de igualdade. <ul style="list-style-type: none"> • Clasificar obxectos atendendo aos atributos de cor e tamaño. • Iniciarase na utilización das táboas de dobre entrada como unha forma de organizar a información. • Discriminar as posicións espaciais: arriba/abaixo, a un lado/ao outro lado, preto/lonxe. <ul style="list-style-type: none"> • Ordenar obxectos nunha cuadrícula atendendo a un criterio dado: todas as filas diferentes. • Recoñecer figuras pola súa silueta ou sombra. • Aprender a utilizar a observación atenta para identificar figuras inscritas en formas. 	<p>Medio físico: elementos, relacións e medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Atributos dos obxectos: color, forma e tamaño • Atributos negativos de cor <ul style="list-style-type: none"> • Transformacións de cor. • Cuantificadores: todo/nada • Número 2: concepto e grafía <ul style="list-style-type: none"> • Ordinais: primeiro/último <ul style="list-style-type: none"> • Criterio de igualdade • Posicións espaciais: arriba/abaixo, a un lado/ao outro lado, preto/lonxe • Táboas de dobre entrada • Clasificación de obxectos atendendo aos atributos de cor e tamaño <ul style="list-style-type: none"> • Figuras e formas • Forma plana: cadrado <p>Cultura e vida en sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Disposición a axudar aos demais 	<ul style="list-style-type: none"> • Discrimina as posicións espaciais: arriba/abaixo, a un lado/ao outro lado. • Discrimina as posicións espaciais: preto/lonxe. • Recoñece os números «un» e «dous» e asóciaos á cantidade que representan. • Recoñece as situacións de orde: primeiro/último. • Iníciase na utilización das táboas de dobre entrada. • Discrimina o cadrado. • Axuda aos compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competenci a matemática • Competenci a social e cidadá

- | | | | | |
|--|--|--|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none">• Discriminar e nomear a forma plana: cadrado.• Observar unha obra artística e identificar formas coñecidas.• Mostrar interese por axudar aos compañeiros para conseguir un fin. | | | |
|--|--|--|--|--|

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">Linguaxes: comunicación e representación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a linguaxe para expresar as súas ideas. • Interpretar códigos non verbais e traducilos a linguaxe verbal. • Utilizar con precisión cada vez maior o vocabulario matemático que implica orientación no espazo, posición de orde e formas xeométricas. • Comprender mensaxes relacionadas co uso dos cuantificadores. • Utilizar unha páxina web para practicar actividades de números e cantidades. • Describir unha obra de arte utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Valorar diferentes manifestacións artísticas. • Gozar coa arte. 	<p>Linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso da linguaxe para expresar ideas e explicar os traballos • Interpretación de códigos non verbais • Uso de vocabulario matemático <p>Linguaxe artística: plástica-musical-corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra de arte de carácter universal • Descrición de obras artísticas • Descubrimento de elementos que configuran a linguaxe plástica: formas <p>Linguaxe audiovisual</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso da tecnoloxía para xogar e aprender 	<ul style="list-style-type: none"> • Explica con naturalidade os seus traballos • Interpreta códigos non verbais. • Utiliza a tecnoloxía para xogar e aprender. • Describe a obra <i>Mozo con mochila</i> de Malevich utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Realiza composicións con cadrados. • Goza coa arte. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia en comunicación lingüística • Tratamento da información e competencia dixital • Competencia cultural e artística

TERCEIRO TRIMESTRE

Obxectivos		Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Coñecemento dun mesmo e autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Usar o sentido do tacto para identificar obxectos polo seu tamaño. • Mellorar a percepción visual na discriminación de imaxes parecidas. <ul style="list-style-type: none"> • Orientarse nunha cuadrícula. • Abordar tarefas de forma autónoma. • Aprender a utilizar a observación para explorar obxectos e coñecer mellor o contorno. <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a observación e organizar a información recollida. • Utilizar a observación e manipulación como mecanismo para chegar á comprensión. <ul style="list-style-type: none"> • Ser consciente das aprendizaxes que se realizan. <ul style="list-style-type: none"> • Valorar o traballo ben feito. • Adecuar o seu comportamento ás necesidades dos outros desenvolvendo unha actitude respectuosa nas actividades en parellas. • Valorar positivamente as opinións de outras persoas sobre o propio traballo. <ul style="list-style-type: none"> • Usar os materiais de forma adecuada. • Esforzarse por manter o espazo limpo e ordenado. 	<p>El corpo e a propia imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización dos sentidos: tacto <ul style="list-style-type: none"> • Percepción visual • Referencias espaciais nunha cuadrícula <p>A actividade cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación, atención e manipulación para a resolución de tarefas • Valoración polo traballo ben realizado • Colaboración e actitude positiva cos iguais • Habilidades para a interacción con outras persoas <p>O coidado persoal e a saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colaboración no mantemento de ambientes ordenados 	<ul style="list-style-type: none"> • Mellora a percepción visual na discriminación de imaxes parecidas. <ul style="list-style-type: none"> • Orientase nunha cuadrícula. • Aborda as tarefas de forma cada vez máis autónoma. • É creativo na resolución de problemas da vida cotiá. <ul style="list-style-type: none"> • É consciente das aprendizaxes que realiza. • Valora o traballo ben feito. • Mostra unha actitude positiva nas actividades en parella. <ul style="list-style-type: none"> • Respecta as opinións sobre o seu traballo. • Usa os materiais de forma adecuada. • Preocúpase por recoller o material. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia matemática • Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico • Competencia social e cidadá • Competencia para aprender a aprender • Autonomía e iniciativa persoal

	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Coñecemento do contorno	<ul style="list-style-type: none"> ● Identificar os atributos de cor e tamaño nos obxectos. <ul style="list-style-type: none"> ● Recoñecer obxectos en función do seu tamaño: grande/pequeno. ● Realizar transformacións de cor ou tamaño. <ul style="list-style-type: none"> ● Aplicar os cuantificadores: todos/ningún. ● Identificar os números «un», «dous» e «tres». ● Asociar o número «tres» á cantidade que representa. ● Identificar unha estrutura xeradora dunha serie. <ul style="list-style-type: none"> ● Realizar series de cores. ● Verbalizar o criterio establecido nunha serie na que cambia o atributo de cor. ● Recoñecer as semellanzas e as diferenzas entre os elementos de dous grupos. <ul style="list-style-type: none"> ● Agrupar obxectos atendendo a unha característica. ● Discriminar as posicións espaciais: arriba/abaixo. ● Identificar figuras coñecidas en situacións de dificultade visual. <ul style="list-style-type: none"> ● Discriminar as formas planas: triángulo, cadrado e círculo. ● Expresar con respecto a opinión sobre o traballo dos compañeiros. 	<p>Medio físico: elementos, relacións e medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Atributos dos obxectos: cor, forma e tamaño ● Transformacións de cor ou tamaño ● Cuantificadores todos/ningún ● Identificar os números un, dous e tres. <ul style="list-style-type: none"> ● Series de cores ● Posicións espaciais arriba/abaixo. ● Figuras planas: triángulo, cadrado e círculo <p>Cultura e vida en sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Incorporación de pautas adecuadas de comportamento 	<ul style="list-style-type: none"> ● Realiza transformacións de cor ou tamaño. ● Identifica os números «un», «dous» e «tres». <ul style="list-style-type: none"> ● Aplica os cuantificadores: todos/ningún. ● Realiza series de cores. ● Discrimina as posicións espaciais: arriba/abaixo. <ul style="list-style-type: none"> ● Recoñece as semellanzas e as diferenzas entre os elementos de dous grupos. ● Establecer comparacións entre grupos de elementos. ● Discrimina o triángulo. ● Opina con respecto sobre o traballo dos compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Competencia matemática ● Competencia social e cidadá ● Competencia para aprender a aprender

Obxectivos		Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Linguaxes: comunicación e representación	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar códigos non verbais e traducilos a linguaxe verbal. • Utilizar con precisión o vocabulario matemático adecuado referido aos atributos de cor e tamaño, orientación no espazo, cuantificadores e tamaños. • Expresar de forma oral os coñecementos adquiridos. • Describir unha obra de arte utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Utilizar unha páxina web para practicar actividades de números e cantidades. • Identificar formas planas coñecidas observando unha obra artística. • Valorar diferentes manifestacións artísticas. • Gozar coa arte. 	<p>Linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación de códigos non verbais • Uso de vocabulario matemático <p>Linguaxe artística: plástica-musical-corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra de arte de carácter universal • Descrición de obras artísticas • Descubrimiento de elementos que configuran a linguaxe plástica: formas <p>Linguaxe audiovisual</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso da tecnoloxía para xogar e aprender 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza con precisión cada vez maior o vocabulario matemático que implica orientación no espazo. • Interpreta códigos non verbais referentes a atributos. • Describe a obra <i>Man</i> de Herbin utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Valora diferentes manifestacións artísticas. • Observa unha obra artística e identifica formas coñecidas. • Goza coa arte. • Manexa con soltura el ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia en comunicación lingüística • Tratamento da información e competencia dixital • Competencia cultural e artística

4 ANOS

PRIMEIRO TRIMESTRE

PRIMEIRO TRIMESTRE			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.

<p>Coñecemento dun mesmo e autonomía persoal</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar o sentido do tacto para discriminar obxectos. • Mellorar a percepción visual na discriminación de liñas entrecruzadas. <ul style="list-style-type: none"> • Orientarse nunha cuadrícula. • Desenvolver a percepción visual na resolución de labirintos. • Realizar actividades que implican movemento prestando atención ás consignas. • Desenvolver a habilidade de observar e manipular para conseguir un fin concreto. • Utilizar a observación e organizar a información recollida para resolver problemas. • Organizar a información recollida a través da interpretación de códigos non verbais. • Estimular o proceso de reflexión necesario previo a unha resposta. <ul style="list-style-type: none"> • Valorar o traballo ben feito. • Ser creativo nas tarefas que emprende. • Abordar tarefas de forma autónoma. • Valorar positivamente as opinións de outras persoas sobre o propio traballo. • Usar os materiais de forma adecuada. • Recoller o material despois de usalo. • Asumir a responsabilidade do coidado do material que usa. 	<p>O corpo e a propia imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización dos sentidos: tacto <ul style="list-style-type: none"> • Percepción visual • Referencias espaciais nunha cuadrícula <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de labirintos <p>Xogo e movemento</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades que implican movemento <p>A actividade cotiá</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación, atención e manipulación para a resolución de tarefas • Reflexión e organización da información • Uso adecuado de materiais, coidado e recollida <ul style="list-style-type: none"> • Valoración e gusto polo traballo ben feito • Hábito de esforzo por presentar os traballos ben realizados • Realización de tarefas de forma autónoma <ul style="list-style-type: none"> • Habilidades para la interacción con outras persoas <p>O coidado persoal e a saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colaboración no mantemento de ambientes ordenados 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o tacto para discriminar as formas. <ul style="list-style-type: none"> • Orientase nunha cuadrícula. • Resolve labirintos. • Mostra interese polas actividades que implican movemento. • Detense a reflexionar antes de dar unha resposta. • Valora o traballo ben feito. • É creativo nas tarefas que emprende. • Usa os materiais de forma correcta. • Recolle o material despois de usalo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia matemática • Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico • Competencia para aprender a aprender • Autonomía e iniciativa persoal
---	--	--	--	--

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
------------------	-----------------	--------------------------------	---------------

<p>Coñecemento do entorno</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer o atributo de forma, cor ou tamaño como característica diferenciadora dos obxectos. • Realizar transformacións de tamaño a partir dunha figura determinada. • Recoñecer as implicacións que ten un atributo negativo. <ul style="list-style-type: none"> • Realizar series de dúas cores. • Verbalizar o criterio establecido nunha serie na que cambia o atributo de cor. • Recoñecer as medidas de lonxitude: o máis alto/o máis baixo. <ul style="list-style-type: none"> • Realizar agrupacións de catro elementos que compartan unha característica común. • Establecer comparacións entre grupos de elementos. • Recoñecer as semellanzas e diferencias de dous grupos de elementos. • Recoñecer os números do un ao catro e asocialos a unha cantidade. • Recoñecer, identificar e discriminar as posicións ordinais: primeiro/último. <ul style="list-style-type: none"> • Iniciarse na resolución de problemas • Identificar as formas planas: círculo, cadrado e triángulo. <ul style="list-style-type: none"> • Identificar as figuras planas nos elementos do entorno. • Asociar as formas dos obxectos coas figuras planas que representan. • Discriminar as posicións espaciais: arriba/abaixo, encima/debaixo. • Mostrar interese por axudar aos compañeiros para conseguir un fin. 	<p>Medio físico: elementos, relacións e medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • Atributo de forma, cor e tamaño <ul style="list-style-type: none"> • Atributos negativos • Organización de obxectos en función do seu atributo <ul style="list-style-type: none"> • Series de dúas cores • Medidas de lonxitude: o máis alto/o máis baixo • Comparacións e agrupacións de obxectos <ul style="list-style-type: none"> • Serie numérica do 1 ao 4 • Ordinais: primeiro/último • Resolución de problemas <ul style="list-style-type: none"> • Formas planas: círculo, cadrado e triángulo <ul style="list-style-type: none"> • Posicións espaciais arriba/abaixo, encima/debaixo <p>Cultura e vida en sociedade</p> <ul style="list-style-type: none"> • Valoración das relacións que se establecen cos demais 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os atributos de cor e tamaño nas figuras. <ul style="list-style-type: none"> • Realiza transformacións de tamaño a partir dunha figura determinada. • Realiza series de dúas cores. <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece as medidas de lonxitude: o máis alto/o máis baixo. • Realiza agrupacións de catro elementos que comparten unha característica común. <ul style="list-style-type: none"> • Establece comparacións entre grupos de elementos. <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece os números do un ao catro e asócialos a unha cantidade. • Identifica as posicións ordinais: primeiro/último. • Identifica as formas planas: círculo, cadrado e triángulo. <ul style="list-style-type: none"> • Discrimina as posicións espaciais: arriba/abaixo, encima/debaixo. <ul style="list-style-type: none"> • Axuda aos compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia matemática • Competencia para aprender a aprender • Competencia social e cidadá
--------------------------------------	--	--	---	---

	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
<p style="text-align: center;">Linguaxes: comunicación e representación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar de forma oral un traballo realizado. <ul style="list-style-type: none"> • Poñer en funcionamento a imaxinación e a creatividade para expresarse. • Describir con soltura os obxectos a partir dos seus atributos de forma e cor afirmativos e negativos. • Utilizar con precisión o vocabulario matemático referente á forma e orientación no espazo para describir obxectos da vida cotiá. • Comprender mensaxes orais que implican unha negación. • Interpretar códigos non verbais e traducilos a linguaxe verbal. • Mostrar interese por acceder á información que proporcionan as tecnoloxías. • Describir unha obra de arte utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Valorar diferentes manifestacións artísticas. <ul style="list-style-type: none"> • Gozar coa arte • Observar una obra artística e identificar formas coñecidas. • Realizar composicións plásticas a partir de figuras planas. 	<p style="text-align: center;">Linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión oral • Descricións de obxectos • Uso de léxico matemático • Mensaxes orais que implican negación • Interpretación de códigos non verbais <p style="text-align: center;">Linguaxe artística: plástica-musical-corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra de arte de carácter universal <ul style="list-style-type: none"> • Formas no arte • Descubrimento de algúns elementos que configuran a linguaxe plástica: formas • Valoración de diferentes tipos de obras plásticas <p style="text-align: center;">Linguaxe audiovisual</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como o ordenador 	<ul style="list-style-type: none"> • Pon en funcionamento a imaxinación e a creatividade para expresarse. • Utiliza o vocabulario matemático asociado á forma para describir obxectos da vida cotiá. <ul style="list-style-type: none"> • Comprende mensaxes orais que implican unha negación. • Describe a obra Folklore planetario de Vasarely utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Realiza composicións plásticas a partir de figuras planas. • Mostra interese por realizar actividades co ordenador. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia en comunicación lingüística • Tratamento da información e competencia dixital • Competencia cultural e artística

SEGUNDO TRIMESTRE

	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	CC.BB.
Linguaxes: comunicación e representación	<ul style="list-style-type: none"> • Prestar atención ás consignas do docente para resolver as actividades. • Utilizar con precisión as expresións matemáticas para explicar o proceso da suma como adición. • Traducir á linguaxe verbal as representacións simbólicas. • Interpretar expresións matemáticas e traducilas a linguaxe oral. • Utilizar con precisión o vocabulario matemático referido aos conceptos «par», «parella» e «dobre». • Utilizar con precisión o vocabulario referido aos compoñentes da resta: minuendo, subtraendo e resultado. • Identificar contidos matemáticos nos textos. • Memorizar e recitar textos poéticos sinxelos. • Utilizar a imaxinación e a creatividade para expresarse a través da expresión plástica. • Describir unha obra de arte utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Valorar diferentes manifestacións artísticas. • Observar unha obra artística e identificar formas coñecidas. • Realizar composicións plásticas a partir do uso da cor e os números. • Gozar coa arte. • Utilizar unha páxina web para practicar actividades de descomposición de números con regretas. 	<p>Linguaxe verbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • escoita atenta ás ordes de traballo • expresións matemáticas para explicar o proceso da suma • Tradución de representacións simbólicas á linguaxe oral • Vocabulario referido a conceptos e operacións matemáticas • Textos poéticos <p>Linguaxe artística: plástica-musical-corporal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra de arte de carácter universal • expresión a través da actividade plástica <p>Linguaxe audiovisual</p> <ul style="list-style-type: none"> • Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como o ordenador • Páxina web 	<ul style="list-style-type: none"> • escoita con atención para resolver unha actividade. • Utiliza con precisión as expresións matemáticas para explicar o proceso da suma como adición. • Recoñece o significado dos conceptos «par» e «parella». • Aprende una poesía de Gloria Fuertes. • Interésase por manexar o ordenador como instrumento de aprendizaxe. • Describe a obra <i>Números en cor</i> de Jasper Johns utilizando o vocabulario matemático adecuado. • Realiza composicións plásticas a partir do uso da cor e os números. 	<ul style="list-style-type: none"> • Competencia en comunicación lingüística • Tratamento da información e competencia dixital • Competencia social e cidadá • Competencia cultural e artística

3.- MINIMOS EXIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS (FINAL DO CICLO DE 2º DE EDUCACIÓN INFANTIL))

Competencia en comunicación lingüística

Os nenos e nenas deberán ser competentes no seguinte:

- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado á súa idade.
- Describir obxectos, persoas e situacións diversas.
- Comprender a información que lle chega por distintos soportes, como contos, fotografías, pictogramas, imaxes dixitais, iconas, etc.
- Memorizar e recitar poesías e cancións.
- Inventar historias sinxelas e relatalas, así como narrar vivencias propias.
- Ler e escribir algunhas palabras.

Competencia matemática

Os nenos deberán ser competentes para o seguinte:

- Identificar e utilizar os cuantificadores básicos de cantidade, tamaño, espaciais, temporais.
- Recoñecer, utilizar e trazar os números de, polo menos, un único dígito e asocialos á cantidade.

- Discriminar, nomear e representar as formas xeométricas básicas.
- Ordenar obxectos, números, formas, cores..., atendendo a dous ou máis criterios.
- Resolver pequenos problemas que impliquen a suma como unión, e a resta como subtracción.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

Para desenvolver esta competencia, os nenos/as deberán:

- Localizar lugares e orientarse en espazos cotiáns.
- Situarse temporalmente: onte, hoxe, mañá, día, semana, estación, etc.
- Identificar acontecementos relevantes.
- Recoñecer e definir os elementos máis representativos da realidade próxima: o medio e os seres vivos, grupos sociais, profesións, medios de comunicación e transporte, elementos urbanos, así como manifestacións culturais e artísticas.
- Identificar e evitar riscos para a súa saúde.
- Adquirir hábitos básicos de supervivencia e saúde.
- Actuar con respecto cara ás plantas e os animais.

Tratamento da información e competencia dixital

Para desenvolver esta competencia, os nenos deberán:

- Saber acender e apagar aparatos electrónicos.
- Usar o rato e coñecer as súas posibilidades.
- Identificar as iconas máis comúns.
- Localizar e extraer información.
- Seguir enlaces nas páxinas web.
- Manexar programas sinxelos.
- Utilizar programas sinxelos de debuxo para expresarse.

Competencia social e cidadá

Para desenvolver esta competencia, os nenos/nenas deberán:

- escoitar atentamente cando se lles fala.
- Saber gardar unha quenda.
- Presentarse ante os demais.
- Prestar axuda.

- Compartir e respectar as normas do xogo.
- Participar na elaboración das normas.

Competencia cultural e artística

Para desenvolver esta competencia, os nenos/nenas deberán:

- Comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Analizar e representar imaxes con distintos materiais plásticos.
- Utilizar o propio corpo como un elemento expresivo máis, capaz de expresar sentimentos, emocións ou vivencias.
- Seguir un ritmo.
- Utilizar o canto, asociado ou non ao movemento.

Competencia para aprender a aprender

Para desenvolver esta competencia, os nenos/nenas deberán:

- Aprender a utilizar a observación e a exploración para coñecer mellor o mundo que os rodea.
- Organizar a información que recolle de acordo coas súas posibilidades e categorías.

- Establecer sinxelas relacións de causa e efecto en función das consecuencias.
- Respetar as normas básicas sobre o traballo, a postura adecuada, o tempo, o espazo, etc.
- Usar os materiais e recursos de forma adecuada e coidadosa.

Autonomía e iniciativa persoal

Para desenvolver esta competencia, os nenos/nenas deberán:

- Coñecer e controlar o seu corpo.
- Manexar con eficacia diferentes útiles.
- Establecer rutinas adecuadas de alimentación, vestido, aseo e descanso.
- Abordar tarefas de forma autónoma.
- Tomar iniciativa asumindo certos riscos que é capaz de controlar.

Dentro desta competencia podemos integrar a competencia emocional que desenvolve habilidades para coñecer e controlar as emocións e sentimentos propios e recoñecelos nos outros, para establecer relacións positivas cos demais, e para ser unha persoa feliz que responde con eficacia ás esixencias de diverso tipo.

Para desenvolver esta competencia, os nenos/nenas deberán:

- Manifestar e asumir o afecto dos demais.
- Mostrar interese polos problemas dos outros e contribuír á súa felicidade.
- Controlar o seu comportamento.
- Tolerar a frustración así como o fracaso cando o esforzo non foi suficiente.

4.- PROCESAMENTOS DE AVALIACIÓN

A **avaliación** na Educación Infantil constitúe un elemento fundamental na práctica educativa, e permite en cada momento recoller información e realizar os xuízos de valor necesarios para a orientación e a toma de decisións sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe convertíndose nun instrumento regulador, orientador e autocorrector.

A avaliación ten que ter un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de tódalas actividades e non só en momentos concretos e illados.

Segundo o recollido na *Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación na Educación Infantil constitúe un proceso que permite obter información sobre o desenvolvemento do alumnado e sobre a propia práctica educativa para o que empregaremos como **técnicas principais**:

- *a observación directa e sistemática,*
- *as entrevistas coas familias,*
- *o análise das producións dos nenos e nenas*

Ademais o mestre-titor recollerá a información proporcionada póllos outros profesionais que participan no proceso educativo.

Avaliarase tanto as aprendizaxes do alumno coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Realizarase basicamente en tres **momentos** fundamentais:

- *avaliación inicial*: ao principio do proceso identificando os coñecementos e ideas previas do alumnado,
- *avaliación continua*: ao longo de todo o proceso.
- *avaliación final*: que permitirá constatar a modificación de esquemas de coñecemento do alumnado .

Sen esquecer que adoptará un **enfoque**:

- *global*: afectando a todos e cada un dos elementos implicados no feito educativo,
- *continuo*: en tanto que se levará a cabo ao longo de todo o proceso.
- *formativo*: (permitindo a optimización de resultados).

Os **documentos de avaliación**, recollidos nos *ANEXOS I, II, III e IV* da *Orde de 25 de xuño de 2009*, antes citada de forma completa, serán cubertos seguindo a aplicación informática do XADE, estes son:

- Informe persoal.
- Informe de avaliación inicial.
- Informe anual de avaliación individualizado.
- Informe individualizado final 2º Ciclo de Educación Infantil.
- De darse o caso, o Informe persoal por traslado en Educación Infantil.

Todo este proceso avaliativo servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado así como as súas aprendizaxes, así mesmo tamén se avaliarán os procesos de aprendizaxe e a propia práctica educativa. É importante destacar que o proceso de avaliación terá en conta a organización da aula e os seus espazos, así como a coordinación entre os profesionais, a adecuación da proposta metodolóxica, a súa planificación e coherencia contribuíndo a adquisición das competencias básicas e, por suposto, a relación e participación das familias no proceso de aprendizaxe.

Os mestres e as mestras que impartan a Educación Infantil avaliarán a súa propia práctica educativa co fin de adecuala ás necesidades do alumnado. É imprescindible que o docente reflexione sobre a adecuación da programación, dos obxectivos e dos contidos presentados, das relacións de comunicación e do clima en que se desenvolven as actividades, do grao de atención educativa personalizada, e de tódolos aspectos que deben recibir a debida atención.

5.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Cando un alumnado se incorpore ao centro realizarase unha avaliación inicial. Así mesmo realizaremos unha avaliación inicial en tódolos casos que o precisen, independentemente do nivel no que se atopen, para examinar as aprendizaxes consolidadas e as que debemos retomar logo da suspensión das actividades escolares no mes de Marzo.

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.

b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020-21 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento.

A principio de curso en 4º de infantil realizarase una entrevista inicial coas familias onde se preguntarán os datos máis relevantes para ter en conta

cando os nenos e nenas cheguen á escola. Hai que ter en conta os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar.

A avaliación inicial completárase coa información obtida na observación directa dos nenos e nenas sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

6.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Na Educación Infantil, a **avaliación** será **global**, atenderá a tódolos ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno e de cada alumna. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Suministraranos datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos e nenas e valorar o seu progreso dun xeito globalizado sen atender a materias específicas.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e tódolos criterios de avaliación establecidos.

7.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E OS REFORZOS PARA LOGRAR A DITA RECUPERACIÓN.

Con respecto as actividades de reforzo estas están diseñadas tendo en conta a individualidade da enseñanza e respectando os distintos ritmos de

aprendizaxe, e dicir, favorecerán o afianzamento das capacidades que se recollen nos mínimos exigibles.

A modo de exemplo propoñense ás seguintes:

- Dramatización de distintas situacións da vida cotiá onde poñan en práctica contidos relacionados coa hixiene personal, adquisición de normas...
- Diferentes actividades impresas nas que terán que recoñecer formas, números,...
- Creación de murais explicativos.

A pesares destas actividades de reforzo é importante destacar que no traballo co alumnado reforzaremos continuamente e de forma habitual as normas, os números, as formas, a hixiene persoal, o comportamento, as cores, etc.

Os alumnos/as que presenten máis dificultades se lle prestará unha maior atención por parte dos mestres procurando que as posibles diferenzas que presente con respecto aos seus compañeiros se solventen o antes posible.

8.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

Os principios metodolóxicos que empregaremos serán os seguintes:

Globalización: consideramos que o enfoque globalizado e personalizado é o máis axeitado, xa que interrelaciona as distintas áreas para

organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan significatividade, provocando a entrada en xogo de tódolos mecanismos da personalidade do neno/a.

Aprendizaxe significativa: Posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que se sabe (os coñecementos previos).

Afectividade: O neno/a estrutura a súa mente a través do amor. Necesitan saberse queridos para sentirse seguros. A seguridade que lles dá o saberse queridos contribúe, de maneira positiva, a formación dunha autoimaxe axustada e positiva de si mesmos.

Socialización e comunicación: A pesar do egocentrismo do neno/a nesta idade, é sociable; coopera co adulto, adaptase as normas, é capaz de seguir ordes verbais e mostra un crecente desexo de xogar con outros.

Metodoloxía activa: Estratexias didácticas que permiten e estimulan o alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe, elaborando as súas propias apreensións da realidade.

9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado que, como parte dela, integra e enriquece o labor educativo. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón, por parte dos mestres e mestras, unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas, así como aceptar que cada un deles ten os seus propios

intereses, as súas capacidades, necesidades, motivacións e estilos de aprendizaxe.

Co fin de garanti-la equidade, a *Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE)* aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha **Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE)** e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de logra-la súa plena inclusión e integración.

Os nenos e as nenas que requiran determinados apoios e determinadas atencións educativas específicas polas súas capacidades físicas, psíquicas, sensoriais diferentes ás dos demais ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta, terán unha atención especializada conforme ós principios de non discriminación e normalización educativa e coa finalidade de conseguila súa integración. Debemos ofrecer unha adecuada resposta educativa que se axuste ás circunstancias e ás necesidades que neles concorren. Pódense introducir medidas de flexibilización das distintas etapas. A escolarización destes alumnos rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva.

A adecuada resposta educativa para tódolos alumnos e tódalas alumnas concíbese a partir do **principio de inclusión**. Enténdese que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos e de todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue tódalas etapas educativas e a tódolos alumnos e a tódalas alumnas, é dicir, trátase de contempla-la diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos tal como establece o DECRETO 229/2011 do 7 de Decembro, onde se entende por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes

características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

No desenvolvemento da presente Programación de Ciclo, adoptaranse e empregaranse **estratexias didácticas** tales como:

- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía: ao traballo individual ou aos grupos colaborativos establecidos
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais do alumnado.

10.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Na redacción dos principios de educación establecidos na *Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE)*, ocupa un lugar relevante a **transmisión de valores** que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como aqueles que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Polo tanto, pódese dicir, que a **Educación en Valores** constitúe un conxunto de saberes baseados en actitudes, valores e normas, que dan resposta a algúns problemas sociais existentes na actualidade.

Valores como a tolerancia, o respecto cara os demais, respecto á diversidade... impregnan todo o noso currículo e constitúen uns contidos que

non se poden nin deben circunscribir a unha soa área, senón que han de ser tratados de forma global e transversal.

Ademais disto, a *Lei 27/2005 de 30 de novembro de fomento da Educación e a Cultura da Paz*, propón que en todos os niveis do sistema educativo se impartan as ensinanzas dacordo cos valores propios de paz, potenciando unha **educación integral**, eliminando a intolerancia e proporcionando o diálogo e a non violencia como práctica que hai que xeralizar na xestión e transformación do conflito.

Para conseguir que o noso alumnado os interiorice e sexa capaz de extrapolalos a calquera situación que se lle presente, desenvolveremos unha serie de **estratexias didácticas** e sobre todo predicaremos co propio exemplo pois o mellor modo de aprendelos é a través da imitación de condutas adultas.

Traballaremos pois a: *Educación para a paz, Educación Sexual, Educación para a Igualdade de Oportunidades entre Ambos Sexos, Educación para a Saúde, Educación Ambiental, Educación Vial e Educación para o Consumidor.*

O educador ou educadora deberá ter presente que os **temas transversais** son a manifestación dun sentimento e unha expresión de valores, asumidos como positivos para a comunidade.

Deste xeito, terémolos sempre en conta facendo fincapé neles en todo momento, creando incluso situacións que propicien a súa posta en práctica. Esta filosofía do tratamento dos temas transversais como algo inmerso no quefacer cotián guiará sempre a metodoloxía.

Os temas transversais a traballar nas nosas aulas o longo de todo o ano son os seguintes:

- **Educación para a paz, moral e cívica:**

Supón educar na convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento de todo tipo de discriminación e intolerancia.

➤ Utilizar, desfrutar e experimentar o xogo como medio de coñecemento de normas, de socialización e de representación da realidade, aceptando e valorando a axuda nas situación que así o requiran.

➤ Identificar, apreciar e respectar os diferentes grupos sociais da súa contorna, distinguindo as súas función, normas e relación, facilitando a inserción de forma progresiva, reflexiva e participativa.

- **Educación para a saúde:**

Pretende fomentar nos nenos e nenas a adquisición de hábitos de saúde: alimentación sá, repouso, coidado e hixiene corporal, prevención de accidentes...

Neste curso seguirase coas actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

Así mesmo desenvolveremos actividades para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable a través do Proxecto de Biblioteca que, a nivel de centro, estará centrado este curso no coidado dun mesmo e dos demais.

- **Educación sexual e educación para a igualdade entre os sexos:**

E importante que os nenos e nenas descubran dende pequenos e interioricen que somos cidadáns cos mesmos dereitos e obrigacións, independentemente do xénero.

- Educar no coñecemento do propio corpo e dos demais respetando as diferencias
 - Educar na diversidade fomentando conductas de respecto e tolerancia.
 - Establecer relación satisfactorias e equilibradas cos demais, mostrando respecto polas necesidades e puntos de vista dos outros, interiorizando pautas e normas de comportamento social axustando a súa conducta a elas.
- **Educación do consumidor e ambiental:**

Supón que os nenos e as nenas aprendan a valorar a importancia que o medio natural ten para a vida das persoas. Pretende desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a él; educando nun consumo responsable facéndolles ver a incidencia dos hábitos do home no medio natural.

- Valorar a importancia de reducir, reutilizar e reciclar o lixo como medio eficaz para preservar o medio ambiente.

•Educación viaria:

O obxectivo fundamental da educación viaria é o previr accidentes.

Nestas idades os nenos e as nenas aínda non son autónomos nos seus desprazamentos polos espazos urbanos, pero si que utilizan os transportes públicos e privados no contorno familiar.

➤ Iniciarse no coñecemento dunhas normas establecidas, necesarias para a súa futura participación no ambiente urbano como peón, viaxeiro ou usuario de vehículos.

11.- ACCIÓNS A CONTRIBUIR O PROXECTO LECTOR

Procura a adquisición das 8 **competencias básicas** establecidas no *Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, especialmente: comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística, competencia para aprender a aprender.

Obxectivos:

- Desenvolver a competencia lectora.
- Favorecer a competencia literaria.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura
- Provocar o sorriso, o gozo, o disfrute da lectura e a reflexión crítica en calquera momento.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

Actuacións dirixidas aos alumnos/as:

- O alumnado disporá dunha sesión á semana na que poderá ir a biblioteca e facer préstamos de libros. Aplicaránse na biblioteca as mesmas normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias e o protocolo de acceso á biblioteca. O alumnado debe de hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.
- Adicaremos un período de 20 minutos diarios para a lectura por parte da mestra, lectura individual ou escoita de contos. Utilizaremos o conto como a ferramenta fundamental para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas.
- Potenciaranse as bibliotecas de aula. Tentaremos espertar nos alumnos/as o interese pola lectura.
- Colaboraremos no **proxecto de biblioteca** para todo o centro que este curso está adicado ao Camiño de Santiago, con motivo do Ano Xacobeo.
- Colaboraremos nun **proxecto de Voz Natura**; o obxectivo principal é poñer en funcionamento un horto escolar. O centro está nun ambiente urbano, pretendemos crear un horto escolar como un espacio do centro necesario para obter alimentos naturais , e coñecer as ferramentas e os coidados necesarios para o traballo no mesmo.
- Coordinaranse diferentes actividades para conmemorar as distintas datas sinaladas no calendario escolar relacionadas co fomento da lectura (Día do Libro, Día das Bibliotecas Escolares, Día do Libro Infantil, Letras Galegas, Día da Paz...).

12.- ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN SOBRE O PLAN TIC

Lei Orgánica 2/ 2006 de 3 de maio

O plan de integración das Tic nos centros escolares é un plan global de centro, polo tanto, afecta tanto ao profesorado como o alumnado e a distribución de espazos.

OBXECTIVOS

- Favorecer a integración das novas tecnoloxías no ámbito educativo.
- Modificar a idea preconcebida de que o ordenador só serve para xogar.
- Facilitar un instrumento atractivo para adquirir e afianzar os coñecementos.
- Estimular a creatividade e imaxinación utilizando as Tic.
- Actualización dos distintos blogs de centro
- Aprender a usar as pizarras dixitais nas aulas para facer máis amena a aprendizaxe.
- Aproveitar os recursos educativos que nos oferta a Aula Virtual do centro.

ACCIÓNS

- Coñecemento do uso do ordenador, o rato e o teclado.

- Coñecemento de que en calquera momento podese facer calquer busca de todo tipo de información
- Visita á páxina web do centro e a Aula Virtual dende as súas casas coa axuda dos pais.
- Visita aos distintos blogs de centro
- Uso das pizarras dixitais na aula para unha aprendizaxe máis amena.

13.-.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO *PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO*

No DECRETO 8/2005 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a LEI 4/2011 do 30 de xuño aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da Educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas.

Os distintos **espazos, tempos e experiencias** compartidas pola comunidade educativa no centro escolar son un marco ideal e privilexiado para o fomento da convivencia pacífica e democrática, asumindo que no ámbito da escola se reproducen, en graos diversos, os conflitos que están presentes na sociedade e aos que o sistema educativo debe responder positiva e construtivamente.

A través do cumprimento das rutinas, das **normas de comportamento** establecidas ao inicio de curso entre todos, así como tamén na resolución

pacífica dos conflitos, estaremos traballando os aspectos básicos da Convivencia dende a Educación Infantil.

Evitaremos **prexuízos e estereotipos sociais** na aula e fomentaremos o **traballo cooperativo** en detrimento da competitividade cara os demais.

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGUÍSTICO

Pretenderase reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos facilitando ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz segundo se recolle no *DECRETO 79/2010 do 20 de maio*.

Procuraranse obxectivos encamiñados a:

- Adquisición dun vocabulario axeitado para expresarse correctamente.
- Aproximación á linguaxe escrita recoñecendo algunhas letras e símbolos.
- Espertar nas alumnas e alumnos interese polos contos que len ou que lle contan os adultos.
- Valoración da linguaxe oral como medio para comunicar sentimentos, experiencias e desexos a través das conversas e dos diálogos.
- Memorizar cancións, poesías, refráns,... en galego.

ACCIÓNNS

- ✓ Participaremos nas actividades recollidas no “Proxecto Lingüístico do Centro”.

15.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A medida que vaíamos desenvolvendo a nosa programación iremos empregando diferentes e variados recursos materiais nas nosas aulas.

Os materiais deben ser seguros e manexables , ordenados seguindo un criterio, asequibles a tódolos nenos/as e multifuncionais.

Cada alumno/a vai a ter o seu propio material funxible. No caso de compartir xoguetes dentro do grupo colaborativo serán desinfectados despois de cada uso. Antes de tocar calquera material, os nenos/as lavarán as mans ou aplicaranse xel hidroalcohólico.

Un exemplo da clasificación de recursos e materiais utilizados nas nosas aulas é o seguinte:

- **Recursos Persoais:** os mestres titores e os mestres especialistas de Relixión, Educación Musical, Lingua Estranxeira, Psicomotricidade, persoal non docente, pais/nais e os propios nenos/as ademais do CEFORE que contribúe á nosa formación como mestres de Educación Infantil.

- **Recursos Escolares:** as aulas do centro, patio, aula de psicomotricidade.

- **Materiais:** ceras brandas, duras, rotuladores, folios, tesoiras, punzóns, espello, témpera...

- **Material estruturado:** bloques lóxicos de Dienes, regretas Cuisenaire...

- **Material non estruturado:** todo o que a natureza e a man do home nos ofrece: botóns, cunchas, chapas, follas, tubos...

- **Materiais descontinuos:** bolas, pelotas, pedras...

- **Materiais de refugallo:** do entorno ou do fogar. O que nos envíen os pais en colaboración coa escola.

- **Material audiovisual:** a pizarra dixital ,fotocopiadora, TV, Radio CD...

- **Materiais curriculares:** material de carácter normativo: R.D., Decretos, Ordes...; material para orientar a práctica pedagóxica: guías didácticas, deseño e desenvolvemento de unidades didácticas...

Ofreceremos ao alumnado materiais manipulables, gráficos e audiovisuais, procurando vinculalos aos seus centros de interese e ós distintos proxectos que se vaian traballando.

Para a súa selección, prestarase especial atención a distintos **criterios de selección** dos materiais entre os que cabe destacar: a solidez e durabilidade do produto pois evítanse aqueles que poidan romper facilmente nas súas mans; tamén elixiremos aqueles que respondan aos seus gustos e a un adecuado concepto de beleza; a adecuación á idade do neno/a é un dos criterios máis importantes; a forma e ergonomía do xogo debe responder á

capacidade de manipulación dos nenos; a adecuación ao tipo de xogo que propón, tanto o deseño como o material empregado para a fabricación do xoguete deben favorecer o desenvolvemento do xogo para o que foi concibido.

Xunto á importancia dos recursos materiais que se empregarán na aula, cobra unha gran relevancia a **contorna físico e social** no que se atopa inmerso o centro escolar, pois constitúe un recurso educativo máis para basear as estratexias metodolóxicas nos centros de interese do alumnado partindo dos seus coñecementos previos.

16.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Serán as recollidas na PXA e aquelas que poidan xurdir ao longo do curso sempre e cando teñan relación coa programación de aula e ciclo e contén coas autorizacións prescritivas.

O Ciclo de Educación Infantil participará en tódalas actividades organizadas polo Centro e adaptadas para o mesmo tales como Magosto, Nadal, Entroido, Actividades de Biblioteca; “Día das Letras Galegas”....Tamén poderemos participar nas actividades organizadas polo Concello.

A contorna do Centro poderá ser utilizado como espazo de esparcemento para evitar aglomeracións nos patios de recreo e como medida para evitar espazos pechados segundo as recomendacións sanitarias que establece o protocolo da COVID-19.

17.-PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Coa fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na Educación Infantil terá en conta os seguintes **ámbitos de actuación**:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos
- A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

18.-ORGANIZACIÓN DA AULA TENDO EN CONTA O PROTOCOLO DA COVID 19

- Seguindo o protocolo, a aula estará organizada nos chamados “grupos de convivencia” podendo conformar estes grupos un máximo de 5 alumnos/as. (que cambiarán cada trimestre) Tentarase que dentro da

aula e fora da mesma se manteñan estes grupos. Para unha mellor organización e control das medidas de seguridade, asignaremos a cada grupo unha cor. Ademais, unha vez comezado o curso colocáremoslles co mandilón un lazo da cor do equipo de cada neno.

- Cada alumno/a vai a ter o seu propio material funxible. No caso de compartir xoguetes dentro do grupo de convivencia serán desinfectados despois de cada uso. Antes de tocar calquera material, os nenos/as lavarán as mans con auga e xabón ou outros tipos de solución xabonosas e restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico. Debido a o risco de que os nenos-as metan inmediatamente os dedos na boca os dispensadores non deben ser accesibles sen supervisión.
- Deberán traer o mandilón pola mañá e levarano para casa todos os días, para que poida ser lavado e desinfectado.
- O uso dos baños dentro do aula farase por grupos de convivencia evitando tanto as aglomeracións como a coincidencia de membros de distintos grupos. Durante a xornada lectiva haberá distintos momentos para a súa limpeza e desinfección.
- A merenda realizarase de xeito individual en grupos corporativos e en espazos diferenciados.
- En relación co uso de máscaras, aínda que os nenos/as menores de 6 anos non teñen a obriga de levala, o protocolo recomenda o seu uso nos nenos de infantil “sempre que sexa posible”. Dado o elevado número de alumnos que temos por aula cremos moi convinte que todos e todas a levasen. Así mesmo aconsellamos traer unha de reposto, para cambiala ao longo da mañá. Deberán ser homologadas e vir marcadas co nome.

- Os recreos estarán organizados ao longo de toda a mañá con horarios e espazos distintos para evitar a coincidencia de máis dun grupo de convivencia. Así mesmo haberá un horario distinto para os días de choiva no que só se poderá usar o patio cuberto.

19.- MEDIDAS A ADOPTAR NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL E OS SUPOSTOS DE REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022, elaborarán un “Plan de Continxencia” no que se establecerán as medidas que se adoptaran no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

No suposto de ensino non presencial, adoitaremos as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19. O profesorado a través de: aula virtual do centro, páxina web, blogs de aula... determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

A organización dos recursos educativos de apoio do centro garantira unha axeitada atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, favorecendo o seu acceso ao currículo poñendo especial cuidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

4. Establecerase un procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, as plataformas (aula virtual do centro) e medios telemáticos corporativos. (Abalar, correo

electrónico...) Este procedemento determinará e concretará claramente os obxectivos ou finalidades da comunicación, as persoas responsables así como a súa temporalización.